



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Humanidades

Curso Académico: 2017/2018

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 22/07/2019
	FACULTADE DE HUMANIDADES	Páxina 1 de 30

Índice

1. Introducción	2
1.2. Ámbito de aplicación.....	2
1.3. Documentación de referencia.....	2
1.4. Comisión de Calidade.....	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade	4
2.1. Vixencia da política de calidade.....	4
2.2. Plan Estratéxico e Programación Plurianual.....	4
2.3. O SGIC do centro en relación coa situación dos títulos nel impartidos.....	5
2.4. Estado do Plan de Melloras do Centro para o curso 2017-2018.....	17
2.5. Accións de Mellora para o curso 2018-2019.....	22
3. Plan de Melloras	25
4. Anexo: Informes de seguimento	29

1. Introducción

A Facultade de Humanidades sabe da importancia de buscar a calidade no contexto universitario garantindo programas formativos que sexan adecuados para responder ás demandas de excelencia. Tendo como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Humanidades deseña a súa propia política establecendo como principal obxectivo o desenvolvemento de programas formativos que fagan da xestión da calidade un elemento estratéxico para cumprir co compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

A Memoria de Calidade da Facultade de Humanidades correspondente ao curso 2017-2018 foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro e recolle información relativa ao Sistema de Garantía Interna de Calidade, ao seguimento dos títulos impartidos na Facultade e ao plan de melloras do centro para o curso 2018-2019, incluíndo as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos non suspendidos. Esta Memoria de Calidade da Facultade de Humanidades correspondente ao curso 2017-2018 foi aprobada pola Comisión de Calidade na súa xuntanza celebrada o 22 de xullo de 2019 e ratificada en Xunta de Facultade o 23 de xullo de 2019.

1.1 Ámbito de aplicación: O ámbito de aplicación do SGC durante o curso 2017-2018 abrangue as titulacións impartidas no centro non suspendidas e a tódolos membros da Facultade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos.

1.2. Documentación de referencia: Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGC, ademais do Manual do SGC e do Manual de Procesos e Procedementos e da normativa estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), as que se inclúe a continuación:

- Memoria do Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural
- Memoria do Grao en Lingua e Literatura Españolas
- Memoria do Máster en Servizos Culturais

1.3. Comisión de Calidade da Facultade de Humanidades: Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade, as comisións de título, o responsable de calidade do centro e os/as coordinadores/as de título. As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionadas co desenvolvemento do SGC poden consultarse no Capítulo 3 do Manual Simplificado do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Humanidades, aprobado pola Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno o 12 de xuño de 2015. Detállanse a continuación a composición e as funcións da Comisión de Calidade:

- Decana da Facultade (presidenta)
- Responsable de Calidade do Centro (RCC)
- Coordinadores/as de Titulación/s
- A responsable da Unidade de Xestión de centro e departamento
- 1 alumno/a (preferiblemente alumno/a-titor/a)

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 22/07/2019
	FACULTADE DE HUMANIDADES	Páxina 3 de 30

- Outros membros que o/a Decano/a da Facultade considere oportuno propoñer á Xunta de Facultade para o bo funcionamento do SGIC.

Son funcións da Comisión de Calidade:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGIC na Facultade
- Elaborar a Memoria de Calidade da Facultade que englobará distintos informes e memorias:
 - Informe de resultados do sistema, que inclúe a proposta do plan de melloras do centro para o seguinte curso
 - Informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora
 - Memoria do/s Título/s que inclúe as propostas de mellora.

Ao longo do curso 2017-2018 a Comisión de Calidade da Facultade de Humanidades reuniuse nas seguintes datas:

- 16/10/2017, coa seguinte orde do día:
 - Inicio de traballos para a elaboración dos Informes de Seguimento dos Títulos
- 23/01/2017, coa seguinte orde do día:
 - Revisión e aprobación do Informe de Seguimento 2016-2017 do Máster en Servizos Culturais (3ª edición)

2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

2.1. Vixencia da política de calidade

O Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) ten como finalidade establecer os procesos axeitados para a continua mellora dos procesos formativos nas titulacións adscritas á Facultade de Humanidades da USC, permitíndolles acadar niveis de calidade que faciliten a súa acreditación e a renovación da mesma de acordo ao establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010. O SGIC marco da USC está deseñado seguindo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG, e está articulado en 9 criterios e 46 directrices englobados en 5 eixes, que se corresponden cos programas elaborados polas axencias a estes efectos, denominados AUDIT e FIDES.

O 27 de setembro de 2011 foron aprobados en Xunta de Facultade, dous dos documentos que configuran o SGIC da Facultade de Humanidades, o “Manual del Sistema de Gestión Interna de Calidad (MSGIC)” e o “Manual de Procesos y Procedimientos”. O SGIC da Facultade de Humanidades foi aprobado en Consello de Goberno da USC o 7 de xullo de 2011. Con data de 30 de maio de 2012 a ACSUG emitiu un “Informe Final de Evaluación Positivo” do SGIC da Facultade de Humanidades, o que o acredita coa certificación do Programa FIDES AUDIT.

A Comisión delegada do Consello de Goberno de Calidade e Planificación na sesión que celebrou o 31 de maio de 2013 aprobou unha revisión do SGIC marco da USC encamiñada a simplificar a documentación relativa á xestión da política de Calidade. En consonancia con esta modificación do SGIC marco da USC, a Xunta de Facultade de Humanidades celebrada o 13 de

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 22/07/2019
	FACULTADE DE HUMANIDADES	Páxina 4 de 30

decembro de 2013 aprobou o Manual Simplificado do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Humanidades. Tanto o “Manual Simplificado do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Humanidades” como o “Manual do Sistema Marco de Garantía de Calidade” e o “Manual de Procesos e Procedementos” están dispoñibles a través da páxina web da Facultade de Humanidades, no seu epígrafe dedicado ao Sistema de Garantía de Calidade, no enlace <http://www.usc.es/gl/centros/humanidades/Calidade.html>.

Na Xunta de Facultade extraordinaria de 7 de maio de 2015 aprobáronse as modificacións realizadas sobre o Manual Simplificado do SGIC para a súa adaptación aos novos Estatutos da USC.

A documentación relativa ao SGIC en vigor durante o curso 2016-2017 recóllese na Secretaría do Centro e nas vicerreitorías competentes relacionadas con cada proceso/procedemento.

Na actualidade a Facultade de Humanidades está a revisar e simplificar a documentación do SGC vixente, mediante a supresión do Manual extenso e a supresión de procesos e procedementos obsoletos. Os manuais aínda vixentes, e como tal citados nesta Memoria como documentación de referencia, serán substituídos no curso corrente por un novo Manual do Sistema de Garantía da Calidade da Facultade de Humanidades e un Novo Manual de Procesos do Centro, aprobados pola Comisión de Calidade o 22 de xullo de 2019 e pola Xunta de Facultade o 23 de xullo de 2019.

2.2. Plan Estratéxico e Programación Plurianual

O Plan Estratéxico do Centro, en proceso de elaboración durante o curso 2016-2017, tal como se pode comprobar nas actas da Comisión de Calidade de 30 de marzo, e 4 e 17 de abril de 2017, quedou suspendido tralo anuncio dunha inminente eliminación dos dous graos adscritos ao centro, o *Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural*, e o grupo de docencia do *Grao en Lingua e Literatura españolas*. Esta decisión externa e imprevista provocou que o centro se vise abocado a interromper a elaboración do Plan Estratéxico e da Programación Plurianual. Dado que estes dous documentos ten como fin, a partir da diagnose da situación actual do centro, establecer os obxectivos estratéxicos a conseguir a medio e longo prazo e as medidas para acadalas, a eliminación dos dous graos impartidos na facultade deixou sen sentido o establecemento dunha estratexia global que, en boa lóxica, debe xirar en torno das titulacións.

Está previsto que se reinicien os traballos para a elaboración do Plan Estratéxico e da Programación Plurianual en canto o centro poña en marcha os títulos que substituirán aos dos estudos de grao suspendidos.

2.3. O SGIC do centro en relación coa situación dos títulos de grao nel impartidos

2.3.1. *Grao en Ciencias da Cultura e Difusión cultural e Grupo de docencia do Grao en Lingua e Literatura españolas*

Tal como se indicou no apartado anterior, o SGIC da Facultade de Humanidades veuse seriamente afectado no curso 2016-2017 polo anuncio da futura suspensión dos títulos de grao impartidos no centro. Esta situación, o cal proceso quedou explicado de forma extensa e polo miúdo na Memoria de Calidade 2016-2017, motivou que no curso 2017-2018 que a Facultade de Humanidades non realizase o Informe do SGIC do Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural e que a Facultade de Filoloxía non contemplase os datos do grupo lucense no seu Informe para o Grao en Lingua e Literatura Españolas. En todo caso, a situación dos respectivos plans de mellora destas dúas titulacións é diversa, por canto as acción de mellora do Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural comprometidas aínda non finalizadas no curso 2017-2018, poden ter continuidade mediante a súa integración no Plan de Melloras do Centro para o curso 2018-2019. Este é o listado e crave desas accións, das que se darán conta polo miúdo no apartado 2.4.1:

AMCC-01: Explorar a posibilidade dun dobre título coa Universidade de Turín (Italia)
AMCC-02: Establecer convenios que posibiliten aos alumnos a realización de exames en centros próximos a seus lugares de residencia
AMCC-10: Revisión del SGIC para adecualo a las características y necesidades da Facultade
AMCC-11: Elaboración e aprobación da planificación estratéxica da Facultade e da Programación Plurianual
AMCC-13: Realizar un informe de seguimento e un análise da información sobre os egresados e a inserción laboral do título

Pola contra, as accións de mellora non executadas recollidas no Informe de Seguimento do Grao en Lingua e Literatura Españolas 2016-2017 xa non aparecen no Informe do ano 2017-2018, onde o grupo de Lugo foi eximido da realización da súa parte. A diferenza das accións de mellora do Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural, as acción de mellora do Grao en Lingua e Literatura Españolas relativas ao grupo de docencia de Lugo non permite -dado o seu carácter moi específico e o súa vinculación estreita á estrutura e á organización en Lugo do Grao en Lingua e Literatura Españolas- non permite recollelas no Plan de Melloras do Centro para o curso 2018-2019 e aconsella consideralas definitivamente extintas. Estas accións consistían no aumento do número de alumnos de 1º curso (AMLLE-01), no nomeamento de coordinadores de curso (AMLLE-02) e o aumento da participación do profesorado nos cursos do PFID.

2.3.2. Máster en Servizos culturais

Polo tanto, o único título que ten realizado o proceso completo de SGIC neste curso e o Máster en Servizos Culturais. No curso 2017-2018, esta titulación someteuse a Renovación da súa Acreditación. A continuación, ofrecemos a análise dalgúns dos indicadores máis importantes, recollidos no devandito Autoinforme de Renovación da Acreditación do Máster en Servizos Culturais 2017-2018 que servise para acadar a renovación do título. Entre eles, os perfís de ingreso e egreso e os principais indicadores de satisfacción e rendemento (taxas de afiliación, rendemento, éxito, avaliación, eficiencia e abandono:

Perfís de ingreso-egreso

A demanda do máster mantense moi por encima da oferta de prazas do título, como se pode

comprobar a través destes datos, extraídos da Secretaría Virtual da USC:

Alumnado demandante (25 prazas en total)	Curso 2015-2016	Curso 2016-2017	Curso 2017-2018	Curso 2018-2019
Demanda de alumnos procedentes do Espazo Europeo de Educación Superior (22 prazas en total)	48	71	52	76
Demanda de alumnos/as procedentes de fóra do Espazo Europeo de Educación Superior (tres prazas en total)	0	2	9	14

Esta información é compatible coa que nos proporciona o IN12 C- PC-05, segundo a cal a taxa de ocupación do título é nos últimos anos dun 100%.

As características do alumnado que accede ao máster son adecuadas atendendo aos seguintes parámetros: nota media de acceso (IN06 C- PC-5 e IN07- PC-5), áreas de coñecemento desde as que acceden (corrixida hai dous anos para igualar o acceso de alumnado desde as áreas de Humanidades e Ciencias Sociais, véxase Acción de Mellora AM-5, curso 2016-2017) e porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (IN09- PC-05). Con todo, é preciso traballar na mellora de captación de estudantes estranxeiros aínda que a demanda incrementouse moito, segundo despréndese do IN08-C-PC-05.

En canto ao primeiro parámetro, a nota media de acceso sitúase no 7, con lixeiros incrementos nos últimos cursos ata chegar ao 7.44. En canto ao segundo, a Acción de Mellora AM-5 permitiu que o alumnado das dúas grandes áreas indicadas acceda en condicións de igualdade ao máster, pois o compoñente non humanístico de leste e a importante demanda que presenta desde dous ámbitos de titulacións de Ciencias Sociais (as relacionadas con Ciencias da Educación e as asociadas a Xornalismo e Comunicación Audiovisual) así o aconsellaron. En canto ao terceiro, nos cursos 2016-2017 e 17-18 tivemos un 20% de alumnos e alumnas procedentes do resto de España, o cal supón un notable progreso e débese, probablemente, á execución da Acción de Mellora AM-1. Polo que se refire á captación de estudantes estranxeiros e aínda que esta é crecente de acordo coas cifras ofrecidas polo indicador correspondente, foi preciso traballar máis neste ámbito, e por iso deseñouse a AM-12. Podemos adiantar que o título estranxeiro co que nestes momentos estamos en relacións máis avanzadas é o Mestrado em Gestao de Indústrias Criativas, da portuguesa Universidade Católica do Porto (<http://www.porto.ucp.pt/pt/central-oferta-formativa/mestrado-gestao-industrias-criativas>).

En calquera caso, se debe sinalar dous aspectos que fan problemático o desenvolvemento de mobilidades entrante e saínte adecuadas: a curta duración do título (un curso académico) e a súa intensidade, así como a non coincidencia entre a duración dos estudos de máster en España e no estranxeiro, o que dificulta as validacións.

A diversidade é a característica fundamental do alumnado que accede ao máster e o I2 (Número de estudantes de novo ingreso por titulacións de procedencia) pon de relevo o carácter excepcional do máster neste aspecto: ningunha titulación de orixe (licenciatura,

diplomatura ou grao, española ou estranxeira) achegou nestes catro cursos máis de tres alumnos en cada promoción do máster, nin sequera aqueles graos impartidos na Facultade de Humanidades. No curso 2016-2017 e de acordo co Informe de Seguimento do título elaborado para este ano académico, nas 25 prazas ocupadas había titulados e tituladas de 21 titulacións diferentes, incluíndo a diversificación (aínda moi presente) entre diplomatura, licenciatura e máster, así como entre títulos pertencentes ao Espazo Europeo de Educación Superior e outros títulos internacionais. Doutra banda, o INF 16 (Informe de procedencia xeográfica) sinala como desde o curso 2013-2014 o máster comezou a ser relevante para o alumnado de fóra da Comunidade Autónoma; o alumnado estranxeiro, para o que se reservan tres prazas, progresivamente interesouse no título, que no mencionado curso era cursado unicamente por persoas residentes en Galicia. É de destacar tamén o interese que o máster xera nalgúns persoas de nacionalidade española e ascendencia galega que se atopan traballando ou estudando fóra de Galicia.

Aínda que este aspecto non foi estudado de maneira sistemática, é notable tamén a diversidade do máster en canto á captación de alumnado por grupos de idade, o cal implica que conviven formativamente polo menos dúas xeracións: a daquelas e aqueles que acaban de terminar os seus estudos de grao, ou hai poucos anos que o fixeron, e aquelas e aqueloutros que levan xa máis dunha década e mesmo de dúas no mercado laboral, frecuentemente nunha situación de certa inestabilidade, ou en calquera caso tentando, precisamente a través do máster, mellorar o seu *status*. Nestes últimos cursos conviviron nas aulas persoas cunha certa familiaridade con contornas virtuais de aprendizaxe e outras para as que a alfabetización dixital é aínda unha materia pendente, por máis que esas últimas valoren positivamente a semipresencialidade do título.

Os perfís por tipos de titulación de acceso e de acordo coa información proporcionada pola AM-14 son:

- 1.- Opositores e opositoras ás administracións educativas.
- 2.- Persoas que desempeñan sen praza fixa labores no ámbito cultural da administración local.
- 3.- Persoas que cursaron títulos de ensinos artísticos superiores (de teatro, audiovisual, música ou danza) e que senten a necesidade de “regularizar” o seu currículo, tanto desde a perspectiva da promoción profesional como por interese en acceder a estudos de doutoramento. Este perfil de alumnas e alumnos preséntase nun número limitado pero significativo en todos os cursos.
- 4.- Un cuarto perfil específico, que xorde este curso 2018-2019, é o daquelas alumnas e alumnos con nacionalidade española pero orixe hispanoamericano (ocasionalmente europeo) que obtiveron unha das bolsas destinadas pola Xunta de Galicia a incentivar o retorno de mozos para realizar un máster na nosa comunidade (<https://emigracion.xunta.gal/é/actividade/linea-de-axuda/programa-bolsas-excelencia-mocidade-exterior-2018>). Trátase dun grupo de persoas que debutou con forza este curso e que achega tanto títulos españois como fundamentalmente estranxeiros no seu acceso ao máster. Ademais de todos estes perfís específicos, o título seguiu captando o interese por parte de tituladas e titulados de diplomatura, licenciatura e grao pertencentes, como se sinala anteriormente, á gran área de Humanidades, así como tamén aos mencionados ámbitos da docencia e da comunicación dentro da gran área de Ciencias Sociais.

En canto ao seguimento da evolución académica do alumnado, deseñouse a Acción de Mellora AM-20 (2018-2019), consistente na procura de información achega do éxito académico de cada un dos grupos sinalados no apartado anterior. Trátase de corroborar con datos a percepción existente en boa parte do profesorado, de que aquel sector do alumnado que asiste ás aulas das distintas materias supera estas en maior medida que aqueloutros alumnos que, de acordo coas posibilidades admitidas polo modelo semipresencial, non asisten ás aulas, teñen por iso máis dificultades na superación da materia. Doutra banda, examínase tamén se existe algunha relación entre a tipoloxía de alumnos establecida no apartado anterior e a superación do máster. Por exemplo, o alumnado sinalado no apartado 1 de 1.3 parece experimentar maiores dificultades na superación do título debido a que as convocatorias de oposición adoitan coincidir co período que se reserva para a presentación dos TFMs con vistas ao seu defensa (meses de xuño e xullo). A través da AM-20 poderase valorar tamén se existe un importante número de persoas que non consegue titular a pesar de superar todos os créditos do máster excepto o TFM, e cal é o perfil destas. A Acción de Mellora consistirá en facer un seguimento de todas estas cuestións ao longo de dous cursos académicos, o 2018-2019 e 2019-2020, coa finalidade de establecer unha serie de perfís de egreso diferenciados, que respondan á diversidade de alumnado existente no título. Os datos que se obteñan servirán para a elaboración dun informe que permita deseñar actuacións específicas para cada un dos colectivos sinalados anteriormente.

Respecto ao perfil de egreso dos titulados e a inserción laboral, cabe unha valoración positiva baseada na análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título e a adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título, para o cal se traballou coa evidencia dos datos do I13 empregado no curso pasado para o seguimento do título (2016-2017). En todo caso, debe advertirse de que estamos a falar dunhas cohortes de egresados (2009-2010 e 2013-2014) cuxa formación non se corresponde co actual plan de estudos (3ª edición, implantada no curso 2015-2016 e sometida neste momento a avaliación), senón co anterior plan (2ª edición). Varias modificacións recollidas na nova memoria tiveron como finalidade o adaptar o título ás circunstancias do mercado laboral, e por tanto os datos comentados son só parcialmente relevantes. A taxa de afiliación da primeira das cohortes oscila entre un 66.7% o primeiro ano despois de egresar e o 11.1% no cuarto ano, momento máis crítico, do que parece que se consegue remontar nos anos quinto e sexto. En canto á segunda das cohortes mencionadas, temos datos de “Un ano despois de egresar” (45.5%) e “Dous anos despois de egresar” (27.3%). En calquera caso, as cifras son relativamente baixas, e se pode propoñer a hipótese de que esta circunstancia se debe ao afastamento existente entre o mercado laboral real e o máster aspecto sobre o que se interveu a fondo na modificación que conduciu ao deseño da terceira edición. Nunha cohorte e na outra son tamén baixas as cifras de autónomos e autónomas (sempre inferiores ao 50%, resultado obtido pola primeira das cohortes tres anos despois de egresar) e mesmo inexistentes en varios dos anos examinados. Esta circunstancia resulta preocupante, se temos en conta a importancia do autoemprego no sector cultural. Ambos os datos (afiliación e autónomos) aparecen referidos a uns anos aínda críticos na economía a escala estatal e mesmo mundial. A análise dos datos da nova edición do máster presentará información, no seu momento, acerca de se a mellora formativa que supón reflíctese nun avance tamén neste aspecto. Como referencia positiva, destacaremos as mellores cifras de emprego indefinido que presenta a segunda das cohortes analizadas. Esperase que esta tendencia mantéñase para cohortes sucesivas, xa vinculadas ao seguimento desta edición do

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 22/07/2019
	FACULTADE DE HUMANIDADES	Páxina 9 de 30

máster.

Como evidencia secundaria cabe examinar o estudo, realizado pola ACSUG, sobre inserción laboral dos titulados de máster

(<http://www.acsug.es/sites/default/files/171214%20Resumo%20oprensa%20EILM1112.pdf>)

do que se desprenden aspectos significativos sobre os títulos deste nivel na área de coñecemento: a alta porcentaxe de alumnado que compaxina traballo e estudos (táboa 3.3.) e o importante número de persoas que afirma que volvería cursar a titulación (táboa 3.11), entre outros. Con todo, o carácter xeral destes datos, referidos á gran área de coñecemento, impide establecer unha máis valiosa e concreta referencia ao máster.

Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos e iso a pesar de que o coñecemento só indirecto da Comisión Académica e a coordinadora do título dos datos de inserción laboral, así como o carácter xenérico destes, coa dificultade que isto comporta para o deseño de accións de mellora neste ámbito. Todas elas teñen como finalidade o que podería aproximar aos egresados a espazos reais de xestión cultural, poñendo o seu coñecemento experiencias laborais diversas neste ámbito. Neste sentido, cabe destacar o deseño e execución da Acción de Mellora AM-3, consistente na realización dun evento cultural, denominado CulturaLab, no que os egresados poden participar para coñecer iniciativas reais de xestión cultural (xeralmente vinculadas ao emprego autónomo), así como para ter a experiencia da preparación dun evento cultural. O evento foi realizado desde hai xa varios anos e con diferentes formatos, buscando aproximalo ao perfil dun alumnado, o do máster, que maioritariamente non vive na nosa cidade. Ademais, estivemos sempre moi condicionadas pola existencia ou non de financiamento externo para a súa realización, así como polos prazos nos que temos coñecemento de que contamos con esta. Presentamos a continuación evidencias da súa realización e da súa divulgación:

-Vídeo de Youtube, procedente das redes sociais del máster, onde se explica en que consiste o CulturaLab:

https://www.youtube.com/watch?v=itUYP2ioS24&fbclid=IwAR3zs_mXsHWQCHttP4lsrd7bbBSxa_kyxJgYgiCnX1H8Hk99s86svTtYK2M.

-Noticia da presentación pública da edición de 2014 do CulturaLab:
<http://redemuseisticalugo.org/documentos.asp?mat=9&id=2442>.

- Noticia da presentación pública da edición de 2015 del CulturaLab:
http://xornal.usc.es/xornal/acontece/2015_02/noticia_0121.html.

- Noticia da presentación pública da edición de 2016 del CulturaLab:
https://xornal.usc.es/xornal/acontece/2016_01/noticia_0001.html.

-Enlaces en YouTube ás presentacións do evento CulturaLab 2016:
https://www.youtube.com/playlist?list=PLH1ktzq7THc_oehvDSubXUCs6G7tXQ5Qe.

- Noticia da presentación pública da edición de 2017 del CulturaLab:
<http://www.lugocultural.es/news/154/27/CulturaLab-da-primavera/>.

Aínda que a ausencia de financiamento deixou sen celebrar a edición de 2018, está previsto retomala en 2019.

O exame destas informacións permite constatar varios aspectos da fórmula. En primeiro lugar, o seu maleabilidade, en canto a datas, formatos e lugares. En segundo termo, a vocación de que o alumnado do MÁSTER, e en xeral da Facultade de Humanidades, poida entendelo como

unha experiencia de organización de evento cultural da cal participar. En terceiro termo, a diversidade de experiencias, presentadas a través dos seus protagonistas, que foron postas ao dispor do alumnado. En cuarto e último lugar, o carácter aberto do CulturaLab, o cal permitiu que outros protagonistas da xestión cultural estean tamén presentes participando como público. A experiencia de celebración de catro edicións do CulturaLab permitiu tamén coñecer as debilidades do formato, centradas nas súas dificultades para a atracción de público procedente do propio MÁSTER, para o cal asistir a un evento na cidade de Lugo durante varios días resulta un inconveniente. Este aspecto tratarase de afrontar na edición de 2019, que se celebrará na próxima primavera.

Ademais, outras iniciativas desenvoltas na Facultade de Humanidades de Lugo teñen tamén como finalidade aproximar o ámbito académico ao profesional. A situación na que se atopa a Facultade de Humanidades de Lugo, sometida desde hai algúns anos a un escrutinio estrito por parte das axencias de calidade e dos poderes políticos polo feito de non captar suficientes alumnos e alumnas de grao, fixo que se desenvolveu diversas iniciativas destinadas a unha efectiva aproximación entre espazos formativos e laborais. Todas estas iniciativas foron de gran interese para o máster, e foron as seguintes:

- Celebración anual da Xornada de Mediación e xestión cultural, con participantes moi diversos e temáticas diferentes nos últimos anos (é unha Acción de Mellora deseñada para o título de Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural, recollida nesta Memoria dentro do Plan de Melloras do Centro AMc-11)

- Celebración, en 2018, dun foro de debate con persoas situadas profesionalmente no mundo da xestión cultural, cuxas intervencións foron gravadas e atópanse ao dispor dos distintos grupos de interese para a súa consulta. Información sobre o evento pode atoparse na seguinte ligazón: <http://www.usc.es/campusterra/es/content/el-foro-%E2%80%98la-gesti%C3%B3n-cultural-como-espacio-profesional%E2%80%99-defiende-la-necesidad-de-adaptar-las>

- Celebración, en 2018, das I Xornadas Campus Terra sobre docencia universitaria non presencial (http://www.usc.es/campusterra/es/jornadas_semipresencialidad), nas que responsables de titulacións oficiais de grao e máster, así como especialistas na cuestión, proporcionaron opinións, recursos e técnicas para afrontar con éxito modalidades con reducida ou nula presenza do alumnado na aula. Os materiais das Xornadas tamén se puxeron ao dispor de todos os grupos de interese.

- Celebración, en 2019 (30 xaneiro – 1 febreiro) das Xornadas *A xestión cultural a debate* (http://www.usc.es/campusterra/es/encuentro_gesti%C3%B3n_cultural), nas cales se contactou con responsables de títulos de grao no ámbito da xestión e comunicación cultural de diversas universidades españolas (Huelva, Córdoba e Xirona), cos que debatemos sobre docencia, investigación e difusión dos títulos, entre outras cuestións. O máster tivo tamén o seu espazo nas Xornadas, en concreto nunha mesa redonda na que se reflexionaba sobre os Traballos Fin de Grao e Traballos Fin de Máster. Os materiais xerados no encontro están tamén ao dispor de todos os grupos de interese. Cabe indicar, ademais, que dentro destas xornadas incluíase tamén a Xornada de Mediación e Xestión Cultural deste ano (cf. Acción de Mellora do Centro AMC-11)

Todos estes foros de reflexión teñen no momento actual unha importancia evidente, pois ao non ser deseñados como eventos efémeros senón como repositorios aos que poidan acceder

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 22/07/2019
	FACULTADE DE HUMANIDADES	Páxina 11 de 30

docentes e responsables de títulos, pero tamén alumnado en xeral e egresado. Os contactos realizados tanto no ámbito universitario como no profesional poden ser activados, e de feito os primeiros deron os seus froitos baixo a forma de convenios de intercambio. A explotación sistemática dos achados será no futuro de interese para propoñer modificacións no plan de estudos, como a que se iniciará a partir da posta en marcha da Acción de Mellora AM-21.

Indicadores de satisfacción e rendemento

Taxa de rendemento (Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os e as estudantes e o número total de créditos nos que se matricularon): Obsérvase que a súa evolución é desfavorable nos tres últimos cursos con respecto a unha situación, nos cursos 2011-2012, nos que as cifras estaban por encima do 80%. Este indicador sitúase de media nun 65% a partir do curso 2015-2016, e permítenos detectar a circunstancia de que o alumnado se matricula nun 35% máis de créditos con respecto aos que supera. Por materias, o INF-18 sinálanos que aquelas en as que máis Non Presentados xéranse son o Traballo Fin de Máster, no 2017-2018 as Prácticas Externas (35,71%) e outras, non moitas, que ocasionalmente non alcanzan o 50% ; ningunha delas é obrigatoria en canto a que os matriculados débanas cursar necesariamente. A dispersión dos datos asociados ás distintas materias fai que non se poida atribuír a ningunha delas, nin a un grupo delas, en exclusiva, o descenso porcentual deste indicador.

Taxa de éxito (relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os e as estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron): A súa análise permite ver como o indicador se mantén en cifras moi positivas, superiores sempre ao 95%. Por materias e de acordo co INF-17, estes datos son tamén compartidos. Combinándoo co indicador anterior podemos deducir que o dato daquel non ten que ver co feito de que haxa moitos suspensos nas diferentes materias, e por tanto ha de haber un número importante de Non Presentados. A media USC é neste caso porcentualmente semellante (98.79%)

Taxa de avaliación (Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados): A súa evolución é tamén negativa nos tres últimos cursos, pois de media descende ata un 70% cando previamente (datos de 2013-2014; faltan os datos do curso 2014-2015, no que realizou a modificación do título) situábase por encima do 80% na súa peor cifra. Esta taxa confírmanos a tendencia ao descenso dos créditos aos que se presenta o alumnado. A media USC está moi lonxe, pois se sitúa no 90.41%.

Taxa de gradación (Relación porcentual entre os e as estudantes que finalizaron os seus estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis e o seu cohorte de ingreso): neste caso o descenso brusco prodúcese entre os cursos 2011-2012 (71,43%) e o curso 2012-2013 (47,83%) e 2013-2014 (40,91%), é dicir, non só fora previo á modificación do título a través da súa conversión en semipresencial, senón que é este indicador o que motivara a decisión da transformación. Pois ben, á marxe do excepcional aumento no curso 2015-2016 os valores nos que parece tender a estabilizarse a taxa son mellores que os de partida (ao redor do 50%) pero indican que unha porcentaxe elevada, case a metade, do alumnado, tarda máis de dous cursos académicos en realizar un máster que estaba inicialmente previsto para un único

curso. Ademais, a memoria verificada do título prevía alcanzar unha taxa de gradación do 90%, polo cal a desviación é importante. Tamén hai desviación notable con respecto á media USC: 84.46%.

Duración media dos estudos (duración media -en anos- que os estudantes tardan en superar os créditos correspondentes ao plan de estudos): Na media do últimos catro anos, a duración media aproxímase a 1,5 anos, con oscilacións notables, e por tanto aumenta medio punto con respecto á duración anterior ao curso 2013-2014. Este resultado é coherente co indicador anterior, e sinala o feito de que o alumnado tarda máis en terminar os seus estudos debido á súa elevada porcentaxe de Non Presentados (taxa de éxito e taxa de avaliación) no primeiro ano. A media da USC é neste caso de 1.44.

Eficiencia dos titulados (Relación porcentual entre o número total de créditos do plan de estudos nos que deberon matricularse ao longo dos seus estudos o conxunto de egresados dun determinado ano académico e o número total de créditos no que realmente se matricularon): O valor positivo do indicador (por encima ou lixeiramente por baixo do 95%) indícanos que o alumnado do máster, en primeira instancia, matricúlase da totalidade dos créditos, é dicir, que a porcentaxe de persoas que opta por cursar o título a tempo parcial é moi reducido. Situada no seu contexto, non vemos esta cifra como un valor positivo, pois sería preferible que aumentase a opción a tempo parcial, cuxos datos de eficiencia académica son mellores (como se demostrou na análise desta cuestión ofrecido no Informe de Seguimento do curso pasado). Para tentar de convencer ao alumnado da maior idoneidade do tempo parcial, especialmente nalgúns perfís, púxose en marcha a Acción de Mellora AM-14.

Taxa de abandono RD 1393/2007 (Relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin neste curso académico nin no anterior): os resultados previos á modificación do título realizada no curso 2014-2015 consistían nun importante aumento desta taxa, que chegara nos dous cursos anteriores a superar o 40% do alumnado; esta taxa tamén nos preocupaba cando decidimos transformar o título de presencial a semipresencial: o que catro de cada 10 alumnos e alumnas abandonáseno non é un bo dato. A modificación conseguiu, aparentemente, reducir esta tendencia, aínda que as cifras dos tres cursos académicos computados son dispares: 9.09% en 2015-2016, 28% en 2016-2017 e 20% en 2017-2018. A memoria verificada da titulación previra unha taxa de abandono do 20% co cal a realidade parece axustarse ás previsións e a cifra podería lerse desde unha perspectiva positiva, incidindo en que aínda que o alumnado non logre obter o título nun curso académico, non desiste con todo de continuar nel e matricúlase en convocatorias e anos sucesivos. A media da USC sitúase lonxe: 5.77%. De todas as maneiras, consideramos importante a redución nun 20% (do 40% a como moito un 20%) da taxa de abandono, pois a cifra actual sinala que o alumnado talvez teña dificultades para conseguir titular nun curso académico, pero está interesado en titular, e por tanto non se macha, aínda que isto supoña matricularse en cursos sucesivos.

Taxa de éxito dos egresados (Relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que foi egresado e o número total de créditos aos que se presentou): A cifra arroxa un resultado que interpretamos positivamente (unha media por encima do 90%) a pesar de que o último ano computado presenta unha tendencia ao descenso.

Lido complementariamente coas tres primeiras taxas, permítenos establecer que a superación dos créditos unha vez que o alumnado se presenta ás probas de avaliación das distintas materias é un feito, polo que se existe algunha dificultade esta está máis ben ao lado dos Non Presentados.

Taxa de eficiencia/rendemento dos egresados (Relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que egresa e o número total de créditos nos que se matriculou): Os datos son positivos a pesar dunha lixeira tendencia ao descenso no último curso: 93,2% en 2015-2016, 94,69% en 2016-2017 e 85,19% en 2017-2018. A memoria verificada do título previra alcanzar o 90% de taxa de eficiencia. O indicador parece medir a necesidade que poida ter un alumno de cursar diversas materias (entendemos dentro da optatividade) para alcanzar o título, e os datos do máster indican que esta necesidade é moi limitada, polo que o resultado considérase positivo.

O comentario que suxire o exame comparado de todos estes indicadores comeza en primeiro lugar con aqueles que se consideran principais pois están incluídos na memoria do título. Deles, é a taxa de gradación a que presenta unha desviación máis evidente con respecto ao previsto, pois só a metade dos estudantes que se matriculan logra terminar o título en polo menos dous anos. O exame do resto de indicadores permite detectar que esta circunstancia explícase por que o alumnado matricúlase, con moi poucas excepcións, a tempo completo, e posteriormente é incapaz, nunha gran porcentaxe, de asumir o reto de terminalo por completo nun ano sobre todo porque acaba por non presentarse. Téñase en conta o feito de que a condición de semipresencial do máster fai que o valor da proba de exame sexa máis reducido, en xeral, en todas as materias, e este feito de “non presentarse” vaise producindo progresivamente ao longo do cuadrimestre: comézase por deixar de facer algunhas das tarefas previstas e, finalmente, óptase por non asistir a unha sesión de exame que en moitos casos supón menos do 50% da cualificación. Destacamos, ademais, a importancia da taxa de abandono, que se reduciu considerablemente, e que indica que a validez do título para o alumnado é evidente. Doutra banda, o perfil de alumnado entrante, comentado por extenso nas primeiras cuestións do informe, caracterízase pola súa diversidade formativa; este aspecto, que interpretamos como un valor, ten tamén o seu parte negativa polo que implica de coexistencia de diversos *inputs*, metodoloxicamente variados, cos que en ocasións ao profesorado non lle resulta fácil interactuar. Lembremos que na análise das enquisas ao profesorado, xusto este aspecto relacionado coa valoración da formación previa dos alumnos arroxaba cifras notoriamente máis baixas que outros.

En resumo, cremos que un proceso de captación que consegue que o máster máster interese a persoas tan diversas e que en moitos casos están inmersas no mundo laboral leva necesariamente aparelado un descenso nos resultados dos indicadores sinalados. O incentivar con claridade a matrícula a tempo parcial sería probablemente a única acción de mellora que podería reverter en parte a tendencia ao descenso da taxa de gradación. Pola nosa banda, ao longo da execución, neste curso académico, da Acción de Mellora AM-14 (titoría presencial inicial) tratamos de convencer aos alumnos de que sería máis lóxico que, ao traballar, fragmentasen en dous cursos académicos a realización do máster. Evitarían un pago de matrícula dobre e poderían cursar o título dunha maneira máis reflexiva e cómoda. Con todo, o noso éxito foi só relativo, pois as lóxicas que inspiran a propia matrícula no título non xogaron

ao noso favor. En efecto, moitas das persoas que nos demandan aspirar a acreditar o nivel máster canto antes, ao estar inmersas en procesos de oposición, e a perspectiva de demorar ao longo de dous cursos académicos para a obtención deste nivel non lles resulta moi motivadora. Doutra banda, parece interesante examinar os resultados do máster utilizando como punto de comparación aqueles outros títulos que teñen tamén a característica da non presencialidade (o cal tentaremos impulsar a través da Acción de Mellora AM-19. No Informe de Seguimento 2016-2017 pedíase que comparásemos os nosos resultados globalmente cos doutros títulos da área de Humanidades, ou en xeral de máster a nivel da USC, e xa neste documento expresamos o noso criterio de que a comparación se debese facer en relación con aqueles outros másteres que teñen como característica a impartición de docencia non presencial, ou con modelos consolidados de ensino a distancia tales como a UNED/UNED.

En definitiva, os índices de satisfacción dos distintos grupos de interese son adecuados e positivos, conclusión que queda reforzada nesta última análise xeral:

Taxas de resposta dos grupos de interese: Nun sistema cuxa ferramenta fundamental son as enquisas, a taxa de resposta a estas revélase crucial. O máster deseñou unha Acción de Mellora (AM-15), aínda non executada pois está prevista para o presente curso académico, que busca analizar posibles alternativas para incrementar a utilidade da ferramenta. En calquera caso, os nosos datos baséanse en porcentaxes de resposta menores do 40%: así, a Enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación foi cuberta unicamente por un 12,5% dos e as matriculados. En canto á Enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, esta obtivo resposta dun 34,29% do alumnado este curso, o cal supón un incremento con respecto ao unicamente 25% de persoas que a completaron no 2016-2017, e regresar ao 35,71% que a completaban fai dous cursos. Máis rotundo é o caso da Enquisa de satisfacción dos egresados/as, que retrocede este curso ata ser completada unicamente por unha persoa, cando o 2016-2017 foi cuberta por cinco alumnas ou alumnos. Outras enquisas, como a Enquisa de satisfacción dos titores/as externos cos programas de prácticas externas, ou a Enquisa de satisfacción dos e as estudantes cos programas de prácticas externas foron cubertas nos últimos anos por menos de cinco persoas. Téñase en conta que o título é semipresencial, polo que o reforzo que os e as docentes poden realizar sobre o alumnado para que cubran as enquisas non se dá en persoa. Aínda que desde a aula de coordinación do máster ánimoelles a cubrilas a través dunha indicación que se envía cando xa é posible cubrir o cuestionario, o certo é que non existe motivación por parte do alumnado para realizalas. Trátase dun problema xeneralizado na USC e permite relativizar notablemente, por tanto, as afirmacións que se realizarán no seguinte apartado. No noso caso, palíase a ausencia de datos a través da execución da Acción de Mellora AM-14, aínda que esta metodoloxía cualitativa serve sobre todo para resolver cuestións concretas e non permite obter datos sistemáticos, masivos, que posteriormente poidan ser sometidos a análises. Con esta advertencia deben lerse as valoracións sobre os distintos indicadores de satisfacción:

Indicadores de satisfacción relacionados co alumnado: O título mellora en todos os ítems relacionados con “Orientación ao alumnado”, tanto en comparación entre cursos (os datos mellores son os máis actuais) como en comparación con outros títulos USC. Destacamos como moi positivos “A información e orientación recibida na titulación/A atención ao alumnado con NNEE”, en que supera nun punto a comparación externa, así como todos os ítems de

“Planificación e desenvolvemento dos ensinos”. Especial interese suscita o que “A coordinación das materias do plan de estudos”, que descende a nivel USC, incremente a súa cifra e supere a media USC. Con todo, cabe destacar as pobres cifras (algo superiores á media USC, con todo) que aínda ofrece en “A orientación profesional e laboral”. -Os datos son homologables ás medias previstas, e mesmo mellores, en “Recursos materiais e servizos”. - Tamén en “Resultados” e “Xestión da calidade” o máster ofrece cifras homologables á USC e mesmo superiores. -O IN46 M- S01- PM-01 indica que o alumnado está satisfeito coa docencia recibida nun 4,30 de 5 puntos; o ítem incrementouse nos tres últimos anos practicamente un punto porcentual. -O IN19 M- PC-09 indica que os e as estudantes están satisfeitos coas prácticas externas en 5 puntos sobre 5 este ano, e o dato incrementouse un punto na comparación entre os tres últimos cursos. -O Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida sinala un incremento da totalidade dos ítems avaliados desde o curso 2015-2016, no que todos eles estaban na contorna do 3,5, ata o curso 2017-2018, en que todos eles sitúanse por encima do 4, e destacan especialmente, por superar o 4,5, as seguintes cuestións: “[O docente] cumpre co programa de traballo previsto” (4.63) e “A axuda recibida nas titorías foime de gran utilidade para superar a materia” (4.57). Destacamos esta última cuestión non só polo dato numérico obtido, senón pola súa crucial importancia ao tratarse dun título non presencial. -Conclusión (con todas as condicións impostas pola relativamente escasa representatividade dos datos): o alumnado non manifesta estar insatisfeito coa titulación.

Indicadores de satisfacción relacionados cos egresados: A significación desta enquisa é mínima, dado que só cubriuna no presente curso unha persoa, e cinco no anterior. Con todo, podemos destacar algúns aspectos dignos de comentario. -O desfasamento entre a formación teórica e a práctica, de acordo coa percepción deste colectivo, é maior no máster que na media USC. Neste sentido a Acción de Mellora AM-21, que explorará a posibilidade de modificar o plan de estudos incluíndo aspectos relacionados con espazos, procedementos e coñecementos aplicados á xestión cultural, pode ter de fronte ao futuro unha notable incidencia. -O máster supera a media USC nos ítems “Capacidade para a aprendizaxe autónoma” (o cal é esperable, dado a súa condición de semipresencial), “Pensamento crítico” e “Capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións dentro do meu ámbito de estudo”. Pola contra, está notablemente por baixo nos ítems “Capacidade de traballo en equipo”, algo esperable, pois a xeración de técnicas de traballo en grupo en contornas virtuais é unha materia pendente. -Son moi variables, e parecen dependentes do escaso número de cuestionarios, as respostas aos ítems “Grao no que a formación recibida na titulación cumpriu expectativas” (2.60 no curso anterior, 5 este curso), “Grao de satisfacción global co profesorado da titulación” (2.80 o curso anterior, 5 este curso), “Horarios, calendario de exames, organización académica” (3.40 o curso anterior, 1 este curso), “Actividades de acollida/presentación” (2.40 o curso anterior, 2 este curso) e “Recursos tecnolóxicos” (4.20 o curso anterior, 2 este curso). Con respecto a aqueles ítems nos que a titulación empeorou, cremos que pode existir influencia dun importante fallo nas aulas virtuais que se produciu a principios de curso e que durou varias semanas. Sobre as actividades de acollida e presentación, a Acción de Mellora AM-2.2. pode non ser suficiente, pero é preciso ter en conta a condición de semipresencial do máster. -En canto á información, xestión académica e reclamacións, é de notar que mentres as cifras relacionadas con entidades externas á Facultade (Oficina de Información Universitaria, Unidade de Xestión Académica, páxina web da USC) mantéñense ou descenden notablemente, ascende o ítem que mide a satisfacción coa información na propia Facultade, aínda que insistimos en

que o dato carece de significado dada a escasa entidade do número de enquisas. -O exame nos últimos dous cursos (a información non vai máis aló) dos IN23 PC-12, IN-33-PS-03 e IN-42- S01-PM-01 revela que descende o grao de satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (máis de medio punto, de 3.80 a 3.20), así como lixeiramente o grao de satisfacción dos egresados cos servizos (de 4.36 a 4), aínda que pola contra aumenta lixeiramente (de 3.29 a 3.43) o grao de satisfacción dos egresados coa titulación. A representatividade da mostra fai, con todo, relativizar o alcance dos datos.

Indicadores de satisfacción relacionados cos docentes: Comentamos en primeiro lugar os datos do Informe das enquisas de satisfacción do profesorado coa titulación (17/18). A súa significación pode ser algo maior que a do anterior grupo, pois temos sete cuestionarios (unha taxa de resposta do 25.93%). Os datos en “Obxectivos e competencias” son case iguais (lixeiramente inferiores) aos do curso pasado e equiparables á media USC. O mesmo ocorre co grupo de ítems “Planificación e desenvolvemento dos ensinos”, cun lixeiro descenso en “A coordinación entre as materias do plan de estudos”. O profesorado móstrase satisfeito cos “Recursos humanos, materiais e de servizos”, cuxos ítems exceden todos o 4 sobre 5. Iso é especialmente importante en relación coa última das cuestións, “As plataformas de docencia virtual e ferramentas multimedia”, fundamentais nun título de carácter semipresencial. Igualmente, os ítems incluídos baixo os epígrafes “Resultados”, “Orientación ao alumnado” e “Xestión da calidade” son superiores a 4 e homologables á media USC. Diso pódese deducir que os e as docentes do máster realizan unha valoración positiva do seu desenvolvemento no título. A través do Informe de satisfacción do profesorado coa docencia impartida observamos que en todos os ítems os e as docentes avalíanse por encima do 3.5 (a valoración global mantense estable por encima do 3.8 nos tres cursos dos que se nos proporcionan datos), coa excepción do nivel de chegada dos alumnos (3.20) e a participación crítica e activa destes e estas en o desenvolvemento das clases (3.40). O coñecemento do nivel de comprensión dos alumnos queda tamén no 3.50. A heteroxeneidade dos grupos, comentada anteriormente con respecto ao perfil de acceso, o feito de que sexa mínimo o alumnado coñecido para os e as docentes (pois a entrada no máster a partir dos graos da Facultade é moi reducida) e a condición de semipresencial da docencia, que implica o que moitas persoas só sexan coñecidas para os seus profesores nas sesións de exame, explica probablemente este desconcerto inicial. Destacamos con todo como negativo o resultado á pregunta 11, pois só un 9% dos e as docentes móstranse interesados en recibir formación de apoio sobre novas tecnoloxías aplicadas á docencia. Este dato revela, ao noso xuízo, unha escasa curiosidade por aspectos formativos asociados a unha contorna dixital innovadora, como é aquel en o que realmente realizan o seu traballo.

Indicadores de satisfacción relacionados cos titores externos de prácticas. A relevancia dos datos é tamén neste caso mínima, pois só dúas persoas cumprimentaron o cuestionario o curso 2017-2018 e una o anterior. A satisfacción mantense de media en torno ao 4 na escala de 5 e o movemento experimentado, á alza ou en retroceso, polo resto dos indicadores, parece pouco significativo pola pobreza dos datos.

Conclusións: A análise das enquisas e os métodos complementarios O Informe de Seguimento do título xa constataba o curso pasado a relativa importancia duns datos que carecen de validez cuantitativa suficiente. Neste sentido a intervención realizada desde o máster foi de

dous tipos: -Unha primeira, orientada a buscar solucións que consigan que os distintos grupos de interese cubran os cuestionarios en maior medida, analizando os porqués desta pobreza de datos. Tradúcese nunha Acción de Mellora xa indicada, cuxa execución está prevista ao longo do presente curso académico. -Unha segunda, orientada a obter datos (especialmente do alumnado) a través de procedementos de carácter cualitativo (entrevista persoal, comunicación a través dos diversos medios que a USC pon ao dispor de coordinadora, alumnado, profesorado e egresadas/vos). Esta vía, asociada tamén a varias Accións de Mellora, revélase de gran utilidade para a realización de intervencións rápidas sobre aspectos concretos do funcionamento do título, aínda que carece da sistematicidad e posibilidade de recuperación analítica características dos procedementos macrocuantitativos.

2.4. O estado do Plan de Melloras a realizar durante o curso 2017-2018

2.4.1. En relación co Centro

Como se explicou no punto 2.3.1. o Centro asume no seu Plan de Melloras as cinco accións aínda sen executar provenientes do plan extinto do *Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural*. Estas accións, máis as cinco comprometidas no Plan de Melloras 2017-2018 recollido na Memoria de Calidade 2016-2017, suman un total de dez cuxo estado de execución comentamos a continuación:

A AMC-01 consistente na elaboración dun novo regulamento de réxime interno do Centro, adaptado aos novos estatutos da USC, modificados no 2014. Esta acción foi executada mediante a elaboración do novo *Regulamento de Réxime interno da Facultade de Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela (campus de Lugo)* aprobado pola Xunta de Facultade celebrada o 31 de outubro de 2018.

A AMC-02 prevía melloras estruturais do Centro, coa previsión da creación da Aula profesional de Cultura en substitución do Laboratorio de Idiomas en función actualmente no centro. Esta acción está aínda por desenvolverse, á espera da definitiva aprobación e posta en marcha do novo *Grao en Xestión Cultural*, que verá a substituír ao extinto *Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural*.

A AMC-03 tiña previsto a Organización dun *Workshop* sobre xestión cultural, con participación de profesionais do eido. Esta acción foi desenvolvida de forma exitosa como foro de debate levado a cabo entre os días 27 e 29 de setembro de 2017, reunindo a profesionais de sector público e privado do eido da cultura.

<http://www.usc.es/campusterra/gl/content/o-foro-%E2%80%98-xesti%C3%B3n-cultural-como-espazo-profesional%E2%80%99-defende-necesidade-de-adaptar-humanidades>
https://xornal.usc.es/xornal/acontece/2017_09/noticia_0127.html

A AMC-04 consiste no deseño dun novo grao en substitución do *Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural*, para o que deberá constituírse, en primeiro lugar, unha comisión redactora encargada deste cometido. Está acción desenvólvese durante o curso 2017-2018, tal como pode comprobarse nas actas das sucesivas Xuntas de Facultade onde se tramitaron todos os pasos preceptivos para a elaboración dun título novo: aprobación da comisión redactora (cf.

actas de 21 de novembro e 11 de decembro de 2017), aprobación da declaración de intencións (acta de 22 de xaneiro de 2018); aprobación da estrutura e denominación do título como Grao en Xestión Cultural (acta de 22 de marzo de 2018); e aprobación da Memoria do novo título (acta do 26 de abril de 2018. Os traballos de deseño do novo título foi realizado por unha comisión que se reuniu un total de 14 veces, do que queda constancia en sendas actas depositadas na secretaría da Facultade. Finalmente, o resultado destes traballos, a proposta de novo título de Grao en Xestión Cultural, no foi validado pola Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia, que emitiu un informe negativo pero concedeu un ano máis de prorroga ao *Grao en Ciencias de Cultura* e dispuxo que a Facultade de Humanidades presentase unha nova proposta axustada no posible as pautas que a Comisión de Titulacións e Ordenación docente do Claustro da USC lle remitisen (acta de 31 de outubro de 2018). Polo tanto, esta acción foi executada sen éxito e deberá repetirse no curso 2018-2019.

A AMC-05 consiste na procura de fórmulas que permitan cubrir o oco deixado polo grupo de docencia en Lugo do *Grao en Lingua e Literatura Españolas*. Tras explorar diversas posibilidades consensuadas coas diversas instancias educativas ao longo do curso 2017-2018, soamente a finais do mesmo comezou a perfilarse a posibilidade real de que o futuro *Máster de Español como Lingua Estranxeira* foise impartido, polo menos de forma parcial, na Facultade de Humanidades, utilizando recursos humanos do extinto grupo de docencia en Lugo do *Grao en Lingua e Literatura Españolas* (cf. acta de Facultade de 19 de xullo de 2018). Polo tanto, considérase que esta acción, apenas iniciada, deberá ter continuidade no curso 2018-2019.

A AMC-06 correspóndese coa AMCC-01 do Plan de Melloras de 2016-2017, pola razón que se explicou no punto 2.3.1 desta Memoria. Consiste no contacto, establecido coa Universidade de Turín a fin de explorar a posibilidade de establecer un dobre título co *Grao de Cultura e Literatura do Mundo Moderno*. Na actualidade esta posibilidade está momentaneamente paralizada ao atoparse o mencionado *Grao de Cultura e Literatura do Mundo Moderno* nun proceso de reforma do seu plan de estudos e considerar os seus responsables académicos prioritaria dita reforma como paso previo a retomar os traballos de cara a elaboración de dito dobre grao.

A AMC-07 correspóndese coa AMCC-02 do Plan de Melloras de 2016-2017, pola razón que se explicou no punto 2.3.1 desta Memoria. Consiste no establecemento de convenios que posibiliten aos alumnos a realización de exames en centros próximos a seus lugares de residencia. Nunha primeira instancia esta posibilidade quedou frustrada segundo diversos informes técnicos por motivos legais, o que non é óbice para que na actualidade se siga explorando esta posibilidade a fin de que os alumnos matriculados na opción semipresencial e residentes noutras localidades fóra de Galicia, poidan realizar os seus exames preto do seu lugar de residencia e sen necesidade de acudir ao propio centro no que se imparte o grao.

A AMC-08 correspóndese coa AMCC-10 do Plan de Melloras de 2016-2017, pola razón que se explicou no punto 2.3.1 desta Memoria. Consistente na revisión do SGIC para adecualo ás características e necesidades da Facultade, non foi aínda executado e queda pendente para o curso 2017-2018.

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 22/07/2019
	FACULTADE DE HUMANIDADES	Páxina 19 de 30

A AMC-09 correspóndese coa AMCC-11 do Plan de Melloras de 2016-2017, pola razón que se explicou no punto 2.3.1 desta Memoria. Consiste na elaboración da Planificación Estratéxica e a Programación Plurianual do Centro e non foi executado. A razón da non execución desta acción, explicada xa en diversas partes desta memoria, está na situación de suspensión e substitución na que están os estudos de Grao da Facultade, e na consideración de que tanto a adaptación do SGIC ás características da Facultade como a elaboración da Planificación Estratéxica e a Programación Plurianual deben esperar a que conclúa a elaboración dos novos plans de estudos.

A AMC-10 correspóndese coa AMCC-13 do Plan de Melloras de 2016-2017, pola razón que se explicou no punto 2.3.1 desta Memoria. Dirixida a acadar datos para elaborar un informe de seguimento dos egresados e o grao de inserción laboral do título, non foi pechada satisfactoriamente debido á falta de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción que se lle envía unha vez terminada a súa etapa formativa, polo que o informe houbo que elaboralo unicamente coa información pública dispoñible do SIIU sobre afiliación a Seguridade Social, e afiliación a SS en réxime de autónomos.

2.4.2. En relación ao Máster en Servizos culturais

O Plan de Mellora contempla un total de 19 accións comprometidas para o curso 2017-2018, cuxo grao de execución se comenta a continuación:

Así, a AMSC-01, deseñada para a promoción dos estudos, continuou unha serie de accións xa postas en marcha noutros cursos, e que deberá proseguirse no futuro. Contempla unha batería de subaccións, como a contratación dun Community Manager, o deseño dunha sección específica na páxina web do Plan Estratéxico Campus Terra para dar a coñecer a oferta semipresencial e contribuír desta maneira á súa visibilización.

- [URL: http://www.usc.es/campusterra/gl/content/aberto-o-prazo-para-solicitud-de-admisi%C3%B3n-nos-m%C3%A1ster-do-campus-terra](http://www.usc.es/campusterra/gl/content/aberto-o-prazo-para-solicitud-de-admisi%C3%B3n-nos-m%C3%A1ster-do-campus-terra)

A promoción do Máster fíxose a través de Twitter e Faetbook do Campus Terra, pero tamén a través das redes sociais da Facultade de Humanidades:

[Páxina principal Facebook - www.facebook.com/masterservizosculturaisGrupo_secundario](http://www.facebook.com/masterservizosculturaisGrupo_secundario)

[Facebook - www.facebook.com/groups/1415064098750985](http://www.facebook.com/groups/1415064098750985)

[Páxina principal Twitter - twitter.com/Servs_Culturais](https://twitter.com/Servs_Culturais)

[Blog - masterenservizosculturais.wordpress.com](https://masterenservizosculturais.wordpress.com) (URL: <https://twitter.com/campusterrausc>)

A AMSC-02, deseñada para paliar o reducido número de TFMs que se defenden, contemplaba diversas melloras, entres as cales refinar o procedemento de adxudicación de títolos académicos, con vistas a conseguir unha maior implicación destes e estas en a defensa e elaboración dos TFMs; evitar que os docentes a quen se lles adxudicase a titorización dun TFM non fose profesor seu en ningún dos dous cuatrimestres; e facer consciente ao alumnado de que o papel do titor académico non está exclusivamente ligado á súa implicación na elaboración do TFM, e de que este traballo ten un carácter procesual e debe estar apoiada nunha serie de encontros entre profesorado e alumnado ao longo de todo o curso académico.

As meirande das medidas previstas para acadar estas melloras puxéronse en práctica conforme o previsto durante o curso 2017-2018, con bo resultado. En todo caso, deberán ser repetidas en cursos sucesivos, e nalgún caso, se deberá seguir explorando a forma de facelas efectivas.

A AMSC-03, pensada para por a disposición dos alumnos espazos reais de xestión cultural, con especial atención a fenómenos novidosos ou emerxentes, consiste na realización anual do evento CulturaLab (3ª edición)

A AMSC-04, destinada a aumentar o porcentaxe de alumnado estranxeiro, e unha acción xa iniciada, consistente na procura de títulos similares ao *Máster en Servizos Culturais* en cos cales se poida establecer algún tipo de negociación conducente ao deseño de dobres títulos ou, cando menos, acordos para o intercambio de alumnado. Detectado polo Xestor de Internacionalización do Plan Estratéxico Campus Terra que o perfil das universidades que fundamentan a internacionalización do proxecto non é acorde con un título como o *Máster en Servizos Culturais*, o proceso de busca ofreceu un primeiro resultado co *Mestrado en Gestión de Industrias Creativas* de la Universidade Católica do Porto. A concesión dun intercambio *Iacobus* facilitará no futuro próximo un coñecemento estreito deste mestrado e a valoración de posibles acordos de colaboración.

A AMSC-05, debido a un erro, non foi plenamente executada neste curso, polo que se deberá ser repetida no seguinte. A súa motivación é igualar a demanda do título por parte de egresados de Humanidades e de Ciencias Sociais e o procedemento para acadalo modificar os criterios de acceso entre Humanidades e Ciencias Sociais.

A AMSC-06, deseñada para facilitar a integración lingüística do alumnado de fóra de Galicia, inclúe unha serie de medidas como achegar a información do título tanto en galego come en castelán o que as guías docentes estean tamén nas dúas linguas, o que as comunicacións colectivas sexan tamén bilingües. Salvo polo feito de que algúns docentes non facilitaron os seus guías docentes nas dúas linguas, o resto de accións desenvolvéronse satisfactoriamente. Esta acción deberá ser repetida todos os anos.

A AMSC-07, pensada para coñecer o sentir do alumnado respecto a titulación e consistente nunha enquisa enviada aos alumnos a fin de curso, non deu os resultados apetecidos, pola baixa resposta dos alumnos, e tamén polos propios defectos das enquisas, redundantes respecto as que envía de forma institucionalizada a USC. Esta acción dáse por finalizada e queda substituída pola AMSC-14.

A AMSC-08 xurdiu da evidencia de que seguían existindo aspectos que mellorar na xestión de cada unha das materias que conforman o plan de estudos, para o que se elaborou un cronograma semanal que conteña as datas de entrega da totalidade das actividades que o alumnado debe realizar na plataforma en cada materia. A realización desta acción non foi completa pola ausencia de resposta por parte do profesorado do título, polo que deberá ser repetida no próximo curso.

A AMSC-09 supón mellorar as canles existentes para a comunicación entre a Comisión

Académica do título e o profesorado da titulación, e inclúe diversos contactos informativos destinados a concienciar ao profesorado sobre a importancia do fluxo de información e da necesidade de achegar unha información completa das condicións de superación da súa materia antes de que comece o curso académico. A medida deberá ter continuidade nos próximos cursos

A AMSC-10 está relacionada coa normativas que regulan a actividade docente (normativa de permanencia e normativa de avaliación do alumnado, como as máis relevantes) e a súa necesaria adaptación á modalidade semipresencial. Medidas xurdidas desta fase de análise foron a elaboración dun cadro de adaptacións entre as distintas edicións do Máster, que permitise continuar os seus estudos a aquelas persoas que non titularon anteriormente. Tamén a elaboración dun Regulamento de Réxime Interno do Máster e a súa adaptación ao Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e de Máster que entrou en vigor no curso 2016-2017; ou a elaboración dunha Guía Docente do Tráballo Fin de Máster, na súas versións profesional e investigadora.

A AMSC-11, xurdida da falta de representatividade do alumnado na Comisión Académica do Máster, pretende colmar esta carencia mediante a concienciación dos alumnos, mediante diversas comunicacións e xuntanzas informativas. A acción debe ter continuidade nos cursos vindeiros.

A AMSC-12, xurdida da necesidade de incentivar a mobilidade do profesorado e está a procurar contactos con universidades europeas de referencia títulos semellantes ao Máster en Servizos Culturais. A acción está aínda en execución, pois O xestor de internacionalización do Plan Estratéxico Campus Terra comezou os labores conducentes a detectar os títulos semellantes ao Máster en Servizos Culturais nas universidades de referencia do proxecto, pero o resultado inicial é que o perfil das universidades contactadas non é máis a acaído para xerar mobilidades, nin entre o alumnado, nin entre os profesores.

A AMSC-13 ten como fin a mellora da taxa de rendemento, e prevé medidas como axustar a carga de traballo das materias á indicada no título. Como resultado delas, no curso 2017-2018 o número de TFMs defendidos foi superior a cursos pasados. Ademais, o número de persoas que superaron todas as materias excepto el TFM diminuíu neste curso.

A AMSC-14, pensada para mellorar indicadores do rendemento como a taxa de abandono, consistente no transvase de alumnos matriculados a tempo completo ao tempo parcial. A medida consiste nunha titoría obrigatoria, presencial ou por Skype, destinada a localizar os casos e deberá repetirse todos os anos.

A AMSC-15, motivada pola baixa participación nas enquisas que fornecen datos para o análise, prevé medidas conducentes ao seu aumento, analizando primeiro os procedementos postos en práctica pola institución para conseguir información dos distintos grupos de interese, e planificando despois unha batería de medidas que permita incrementar a resposta aos cuestionarios de satisfacción por parte dos grupos de interese. Esta acción non foi executada e queda pendente para o curso 2018-2019.

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 22/07/2019
	FACULTADE DE HUMANIDADES	Páxina 22 de 30

A AMSC-16 pretende incrementar o baixo nivel de internacionalización do título mediante o establecemento de relacións con outras titulacións de máster de contido semellante en universidades estranxeiras, coa finalidade de promover un intercambio de alumnado que redunde tamén na realización de prácticas internacionais. O resultado foi o contacto, xa avanzado co *Mestrado en Xestión de Industrias Culturais e Creativas* da Universidade Católica de Oporto.

A AMSC-17 pretende fortalecer dous puntos febles da formación impartida no máster detectadas grazas as enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida e a enquisa a egresados. Estas debilidades son a ausencia de formación de traballo en equipo, e a limitada dimensión práctica/creativa da docencia). As medidas pensadas para levala a son a mellora da formación do profesorado do título para atender estas dúas necesidades nun contorno non presencial, mediante a colaboración coa entidade da formación continua do profesorado (CETA). Establecido o contacto e prantexada a cuestión ao CETA, aínda non comezou a interlocución entre o profesorado do título, acción que queda pendente para o curso 2018-2019.

A AMSC-18 tamén pretende fortalecer aspectos febles de coordinación, entre os e as profesores da mesma materia por unha banda, e en xeral entre as distintas materias, que poden estar solapando contidos. A medida prevista para resolver esta situación, o exame por parte da comisión do Máster dos programas e guías docentes das materias compartidas, deu como resultado a detección dalgúns solapamentos, situación que foron comunicada aos docentes concernidos coa finalidade de que a resolvan.

A AMSC-19 xurde do feito de que todas as taxas e outros indicadores de que se ten datos establecen unha comparación entre o Máster en Servizos Culturais, que se imparte en modalidade semipresencial, con outros Máster que se caracterizan por seren presenciais, sen atender na especificidade da modalidade en que se ofrece a titulación. As medidas pensadas para arranxar esta situación son a creación de estándares de comparación específicos para o ensino semipresencial e *online*, e o establecemento de contacto con títulos semipresenciais e *online* do SUG e SUE coa finalidade de coñecer as súas circunstancias de impartición, e nomeadamente o seu rendemento. Esta acción non foi executada, polo que queda pendente para o curso 2018-2019.

2.5. Accións de Mellora para o curso 2018-2019

Aínda que neste apartado se debe incluír unicamente aquelas accións xurdidas das análises realizadas no curso 2017-2018, daremos tamén conta no mesmo do estado de tres accións de mellora propostas en plans anteriores, polo feito da relevancia das mesmas, como é o caso da AMC-04, que debeu repetir o mesmo proceso do curso anterior; o a AMC-05, que veu ademais como no curso 2018-2019 perfilou significativamente o seu contido. Aparte de estas, dáse conta da AMC-08 polos progresos realizados na súa execución no curso 2018-2019.

2.5.1. En relación co Centro

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 22/07/2019
	FACULTADE DE HUMANIDADES	Páxina 23 de 30

A AMC-04 consiste no deseño do novo Grao en *Xestión Cultural* que ocupará o lugar de extinto Grao en *Ciencias da Cultura e Difusión Cultural* e é repetición da AMC-04 do plan anterior, executada sen éxito. Esta acción está a desenvolverse ao longo do curso 2018-2019, tal como pode comprobarse nas actas das sucesivas Xuntas de Facultade onde se tramitan todos os pasos preceptivos para a elaboración dun título novo: aprobación da declaración de intencións (acta de 11 de febreiro de 2019); e aprobación da Memoria do novo título (acta do 14 de maio de 2019). Os traballos de deseño do novo título foi realizado por unha comisión que se reuniu un total de 11 veces, do que queda constancia en sendas actas depositadas na secretaría da Facultade. Esta labor foi asesorada pola Comisión de Titulacións e Ordenación docente do Claustro da USC e polo Comité Consultivo da Facultade de Humanidades. No momento de redactarse este informe, se está á espera do informe consultivo do XSOPRA previo a súa presentación á Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia, que emitirá o informe definitivo sobre a viabilidade do novo título.

A AMC-05 consiste na procura de fórmulas que permitan cubrir o oco deixado polo grupo de docencia en Lugo do Grao en *Lingua e Literatura Españolas*. Tras explorar diversas posibilidades consensuadas coas diversas instancias educativas ao longo do curso 2017-2018, soamente a finais do mesmo comezou a perfilarse a posibilidade real de que o futuro *Máster de Español como Lingua Estranxeira* foise impartido, polo menos de forma parcial, na Facultade de Humanidades, utilizando recursos humanos do extinto grupo de docencia en Lugo do Grao en *Lingua e Literatura Españolas*. O primeiro paso formal nesta dirección foi a aprobación dunha declaración de intencións (cf. Xunta de Facultade de 18 de febreiro de 2019) pola que a Facultade de Humanidades solicita formalmente a impartición do *Máster de Español como Lingua Estranxeira*

A AMC-08 consiste na revisión do SGIC para adecualo ás características e necesidades da Facultade. Esta acción, en vías de execución, se concreta na elaboración de dous manuais novos, en substitución dos obsoletos. Trátase do *Manual do Sistema de Garantía da Calidade da Facultade de Humanidades* e do *Manual de procesos do Centro*, en fase avanzada de composición no momento de redactarse esta memoria, e cuxa tramitación definitiva se prevé para xuño de 2019.

A AMC-11 é unha acción de carácter repetitivo, dada a súa implantación xa consolidada e a súa importancia na dinamización dos pasos que se están a dar na Facultade de Humanidades en relación coa transformación dos seus títulos. Trátase dunha actividade extracurricular destinada a potenciar a vertente profesionalizante dos títulos da Facultade. Esta actividade, executada entre o 30 de xaneiro e o 1 de febreiro de 2019 na Facultade de Humanidades, consistiu no Encontro *A xestión Cultural a debate* e a *VIII Xornada de xestión e Mediación Cultural*. http://www.usc.es/campusterra/gl/encontro_xesti%C3%B3n_cultural

2.5.2. Con respecto ao *Máster en Servizos Culturais*

Estas son as 3 accións de melloras novas, xurdidas das análises do *Autoinforme de Renovación da Acreditación 2017-2018* para cursos sucesivos:

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 22/07/2019
	FACULTADE DE HUMANIDADES	Páxina 24 de 30

A AMSC-20. Dada a percepción xeneralizada entre o profesorado do título de que o alumnado que asiste as sesións presenciais do curso acadan maior éxito, prevé examinar as cualificacións á luz do criterio da asistencia ás aulas.

A AMSC-21 Dada a imposibilidade de cubrir os seis créditos que, segundo o plan de estudos, corresponde á materia optativa *Metodoloxía e recursos para a investigación humanística*; e posto que o contacto da Facultade de Humanidades co sector profesional fai necesaria a introdución no plan de estudos de contidos deste eido, acción propón introducir dúas materias optativas de tres créditos en substitución de *Metodoloxía e recursos para a investigación humanística*. Para levar isto a cabo, será necesario determinar tanto os contidos como as áreas que os poidan asumir, mediante un diálogo con estas áreas.

A AMSC-22 Co obxectivo de mellorar a información xerada polos distintos grupos de interese, a acción pretende determinar a información relevante para cada grupo, analizar as carencias detectadas, examinar as vías de comunicación cos grupos, e deseñar un modelo ordenado e eficaz de comunicación.

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 22/07/2019
	FACULTADE DE HUMANIDADES	Páxina 25 de 30

3. Plan de Melloras do Centro

No cadro seguinte reúnense as accións de mellora do Centro (AMC, da 01 á 11), e do Máster en Servizos culturais (AMSC, da 01 á 22), co seu grao de cumprimento.

LISTAXE DE ACCIÓNS

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AMC-01	Memoria de Calidade 2016-2017	Elaboración dun novo regulamento de réxime interno	Executado	Mª Isabel González Rey	31/10/2018	sí
AMC-02	Memoria de Calidade 2016-2017	Creación da Aula Profesional de Cultura	Activo	Mª Isabel González Rey		non
AMC-03	Memoria de Calidade 2016-2017	Organización de un Workshop sobre xestión cultural	Executada	Gonzalo Francisco Fernández Suárez	30/09/2017	si
AMC-04	Memoria de Calidade 2016-2017	Deseño do novo Grao en Xestión Cultural	Activo	Mª Isabel González Rey		non
AMC-05	Memoria de Calidade 2016-2017	Deseño do novo Máster de Español como Lengua Estranxeira)	Activo	Mª Isabel González Rey		non
AMC-06	Memoria de Calidade 2016-2017	Explorar a posibilidade dun dobre título coa Universidade de Turín (Italia)	Activo	Gonzalo Francisco Fernández Suárez		non
AMC-07	Memoria de Calidade 2016-2017	Establecer convenios que posibiliten aos alumnos a realización de exames en centros próximos a seus lugares de residencia	Activo	Gonzalo Francisco Fernández Suárez		non
AMC-08	Memoria de Calidade 2016-2017	Revisión del SGIC para adecuarlo a las características y necesidades de la Facultad	Activo	José María Anguita Jaén		non
AMC-09	Memoria de Calidade 2016-2017	Elaboración e aprobación da planificación estratéxica da Facultade e da Programación Plurianual	Activo	José María Anguita Jaén	29/12/2017	non
AMC-10	Informe de Seguimento	Realizar un informe de seguimento e un análise da información sobre os egresados e a inserción laboral do título	Non executado	José María Anguita Jaén	31/10/2017	non
AMCC-11	Informe de Seguimento	Potenciar a vertente profesionalizante do título mediante a	Executado	Gonzalo Francisco Fernández	01/02/2019	si

		organización dunha actividade extracurricular		Suárez, Carme Silva Domínguez		
AMSC-01	Informe de Seguimento	Accións para dar a coñecer o máster	Executado	Carme Silva Domínguez	30/06/2017	sí
AMSC-02	Informe de Seguimento	Introdución de melloras no procedemento de adxudicación de titores	Executado	Carme Silva Domínguez, Fernando Suárez Golán	31/07/2017	sí
AMSC-03	Informe de Seguimento	Deseño e realización do evento CulturaLab (3ª ed.)	Executado	Carme Silva Domínguez	31/07/2017	sí
AMSC-04	Informe de Seguimento	Revisión dos plans de estudos de máster das catro universidades estratéxicas para o Campus Terra	Activo	Carme Silva Domínguez	31/07/2017	sí
AMSC-05	Informe de Seguimento	Modificación dos criterios de acceso entre Humanidades e Ciencias Sociais	Non executado	Mª Margarita Díaz Blanco	01/22/2017	non
AMSC-06	Informe de Seguimento	Atención á diversidade lingüística do alumnado	Executado	Carme Silva Domínguez	29/12/2017	sí
AMSC-07	Informe de Seguimento	Tutorización estreita do alumnado ao longo do seu periplo pola titulación	Executado	Carme Silva Domínguez	31/07/2017	sí
AMSC-08	Informe de Seguimento	Elaboración dun cronograma que conteña as datas de entrega das actividades a realizar na plataforma	Parcialmente executado	Carme Silva Domínguez	29/09/2017	sí
AMSC-09	Informe de Seguimento	Refinamento das canles de comunicación entre coordinadora e o profesorado	Executado	Carme Silva Domínguez, Mª Margarita Díaz Blanco	31/07/2017	si
AMSC-10	Informe de Seguimento	Revisión das normas que regulan a xestión da docencia e da avaliación	Executado	Carme Silva Domínguez, Mª Margarita Díaz Blanco	31/07/2017	si
AMSC-11	Informe de Seguimento	Incorporación de representantes do alumnado na Comisión Académica do máster	Executado	Carme Silva Domínguez	30/01/2017	si
AMSC-12	Informe de Seguimento	Búsqueda de incentivos para a mobilidade do profesorado	Parcialmente executado	Carme Silva Domínguez	01/09/2017	si

AMSC-13	Informe de Seguimento	Aproximación da taxa de rendemento ao obxectivo fixado na Memoria do Título (un 90%)	Executado	Carme Silva Domínguez	31/07/2017	si
AMSC-14	Informe de Seguimento	Deseño dun Plan de Acollida individualizado	Activo	Carme Silva Domínguez	31/10/2018	sí
AMSC-15	Informe de Seguimento	Medidas para fomentar o aumento da participación nas enquisas e cuestionarios	Activo	Carme Silva Domínguez	30/09/2019	sí
AMSC-16	Informe de Seguimento	Establecemento de relacións con titulación de máster semellantes	Activo	Carme Silva Domínguez	31/07/2018	non
AMSC-17	Informe de Seguimento	Mellora da formación do profesorado en dirixir traballo grupal e creativo en contexto non presencial	Activo	Carme Silva Domínguez	30/09/2018	sí
AMSC-18	Informe de Seguimento	Medidas de solución de problemas en coordinación entre docentes	Activo	Carme Silva Domínguez	31/07/2019	sí
AMSC-19	Informe de Seguimento	Creación de estándares de comparación de ensinos semipresenciais ou <i>on-line</i>	Activo	Carme Silva Domínguez	31/05/2018	sí
AMSC-20	Autoinforme para Renovación da Acreditación	Análise da relación entre éxito académico e presenza nas aulas	Activo	Carme Silva Domínguez	01/07/2019	non
AMSC-21	Autoinforme para Renovación da Acreditación	Introdución no plan de estudos de materias de sesgo profesionalizante	Activo	Carme Silva Domínguez	31/12/2019	non
AMSC-22	Autoinforme para Renovación da Acreditación	Mellora da información ofrecida e xerada polos distintos grupos de interese	Activo	Carme Silva Domínguez	31/07/2020	non

	MEMORIA DE CALIDADE	Data: 22/07/2019
	FACULTADE DE HUMANIDADES	Páxina 29 de 30

4. Anexo: Informes de seguimento

[Autoinforme de acreditación](#) e [Plan de melloras](#) do Máster Universitario en Servizos Culturais